

Gómez Noya proclámase campión do mundo nun final épico

Manuel Varela - Londres - 15 Setembro 2013

Era a opción máis complicada, pero Javi sabía que estas cousas son posibles no deporte, polo que nunca baixou os brazos e traballou arreo para prepararse para a Gran final de Londres. O seu obxectivo estaba claro: gañar a proba e despois comprobar que fixeran os seus rivais. E así, cumpriu coa súa parte nun espectacular final ao sprint con Jonathan Brownlee, mentres que Alistair (o líder provisional) sufriu problemas físicos e afundiuse na carreira a pé.

Comezou a proba no lago The Serpentine de Hyde Park cun tempo que ameazaba choiva e bastante frío. Pero parece que a Richard Varga iso non lle importou moito e marcou un ritmo na natación altísimo que provocou importantes distancias. Varga foi o primeiro en saír da auga, cun tempo de 17:04, mentres que os Brownlee estaban a só uns segundos e Javi un pouco descolgado.

No segmento de bicicleta, Gómez Noya incorporouse enseguida ao grupo de cabeza e estivo nas primeiras posicións marcando o ritmo, pero sen poder separarse da marcaxe dos Brownlee. Coa aparición da choiva, a bicicleta fixose máis perigosa e o segundo grupo (onde estaba Mario Mola) foi achegándose aos primeiros. Nas dúas últimas voltas Alistair intentou escapar do grupo, pero Javi saltou a por el e acabou coas súas esperanzas.

Os tres aspirantes ao título chegaban xuntos á segunda transición e enseguida puido comprobarse que Alistair estaba tocado, porque axiña quedou descolgado. Mentres, Jonathan e Javi lideraban a cabeza e por detrás Mario Mola ía remontando posicións ata colocarse terceiro, aínda que sen posibilidade de loitar polo triunfo.

Despois dos case dez quilómetros, todo se ía decidir en douscentos emocionantes metros finais, aos que Jonathan chega en cabeza. Entra o británico na recta de meta con todo o público ao seu favor, pero Javi, nun final apoteósico, logra superalo a só uns metros da liña de meta. Gómez Noya logra así o seu terceiro título de campión do mundo e continúa facendo lenda.